

Os Sistemas Agroforestais



Os sistemas agroforestais son explotacións agrogandeiras que manteñen árbores ou arbustos cabo dos animais e/ou cultivos.

En Galicia é esencial o uso do monte como complemento da agricultura tradicional tanto para cultivos como para pastoreo. A maior parte das razas gandeiras galegas existen grazas á esta practica, entre as que podemos destacar o porco celta alimentado com landras e castañas .

Estes sistemas son **esenciais para desenvolver métodos máis sustentables** de produción **agrícola e gandeira**, que xeran beneficios para os propietarios, para o medio natural e a sociedade en xeral.



AGFORWARD

AGroFOREstry that Will Advance Rural Development

Sistemas Agroforestais para Impulsar o Desenvolvemento Rural

Abordar os problemas para mellorar o sector

Os sistemas agroforestais con múltiples compoñentes deben abordarse baixo a perspectiva da mellora da súa rendibilidade global, para superar as dificultades para competir no contexto actual de mercado global

- Os consumidores non asocian os produtos de calidade cos valores naturais dos sistemas agroforestais extensivos.
- Non se perciben ingresos polos servizos ambientais que producen para toda a sociedade
- Hai dificultades para harmonizar a súa modernización e a necesidade de conservación dos seus valores naturais.
- Nalgúns casos, hai un deterioro importante do arboredo ou do ecosistema agroforestal.
- Non existen normativas e axudas públicas adaptadas a agrosistemas complexos.
- Existe un importante descoñecemento de prácticas innovadoras para estes sistemas.
- Non hai maquinaria adaptada para estes sistemas multiproducto.

En Galicia, dende a USC estamos buscando unha ampla colaboración cos gandeiros e outras persoas vencelladas ao sector, para acadar propostas e melloras para este tipo de sistemas, que sexan realmente **útiles e transferibles**.

O noso xeito de aplicar a innovación consiste en traballar xuntos para identificar mellor os problemas, propor solucións reais, baratas e efectivas, e ensaialas en explotacións colaboradoras.

¿Cómo podo participar?

O **plan de traballo** comezará cunha **xornada de encontro** cos diferentes sectores, que se celebrará antes de setembro de **2014**.

Alí presentaremos o **proxecto** e as nosas **propostas** polo miúdo. A xornada será útil para coñecermonos, establecer contactos e deseñar conxuntamente a rede de ensaios prioritarios.


Tras esta xornada, haberá unha **fase de entrevistas en profundidade e reunións de traballo**.



Como este proxecto vai realizarse á vez en toda Europa, haberá tamén un **intercambio permanente** de información cos socios europeos.

Ao longo de **2015 e 2016** presentaranse os resultados a través de **visitas programadas ás explotacións nas que se instaloron os ensaios**.

Finalizaremos o proxecto **en 2017 cun Congreso Internacional sobre Sistemas Agroforestais** en Bruxelas, co obxectivo de influir na **PAC** e promocionar este tipo de sistemas sustentables.



¿Qué é AgForward?

AGFORWARD é un proxecto de investigación no que a **participación dos gandeiros e agricultores ten un papel esencial**. Está financiado pola Unión Europea, que reconece o valor dos sistemas agroforestais para a agricultura europea. Comezou en **xaneiro de 2014** e prolóngase ata **decembro de 2017**.

O seu obxectivo é **entender mellor os sistemas agroforestais europeos e promover o seu desenvolvemento** con propostas de innovación e recoñecemento social dos seus produtos e servizos ambientais.

No proxecto participamos 140 investigadores de 17 países europeos e dúas organizacións internacionais, incluíndo expertos en cultivos, silvicultura, gandería, política agraria, ecólogos, xeógrafos, economistas... Alén diso, colaboran connosco numerosas entidades e profesionais de toda Europa. Aquí o proxecto está liderado polo Departamento de Producción Vexetal (EPS) da Universidade de Santiago de Compostela.

Como elemento esencial, creárase unha **rede de entidades e persoas** para traballar ao lado dos investigadores do proxecto. E os **propietarios e gandeiros** van ser un alicerce fundamental tanto da rede como do conxunto do proxecto.



Socios do proxecto



Máis información

María Rosa Mosquera Losada
Grupo de Investigación en Sistemas Agroforestais
Departamento de Producción Vexetal
Universidade de Santiago de Compostela. Lugo.
Correo-e: mrosa.mosquera.losada@usc.es
Tfno.. 982823144//982823139
www.agforward.eu

AGFORWARD

AGroFORestry that Will Advance Rural Development

Sistemas Agroforestais para Impulsar o Desenvolvemento Rural



**UN PROXECTO DE
INVESTIGACIÓN E PARTICIPACIÓN
PARA IMPULSAR OS
SISTEMAS AGROFORESTAIS EUROPEOS**

